



PLAN DIXITAL

IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez
- Dirección: Rúa da Cultura s/n. 36680 A Estrada – Pontevedra
- Correo electrónico: ies.losada.dieguez@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslosadadiequez/>
- Etapas educativas: ESO, Bacharelato, ESO e Bacharelato de Adultos, Ciclos Formativos
- Número de alumnado: 551
- Número de profesorado: 76

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez, está situado ás aforas, na zona deportiva a 1,5 Km. do casco urbano, rodeado polos outros dous institutos de secundaria que ten tamén este pobo.

O recinto escolar está cercado e consta dun edificio principal con tres andares, ximnasio, talleres de automoción, e complétase isto con zona verde onde o alumnado pasa os tempos de lecer. Neste centro impártense cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato, Ciclos Formativos, Ensinanzas de Adultos e dende o curso 2008/2009 impártense ensinanzas de idiomas, como Sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra.

Está situado en A Estrada. Cunha superficie de 281 km cadrados A Estrada é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Pontevedra, pertence a comarca de Tabeiros-Terra de Montes, e capital do partido xudicial do seu mesmo nome, ademais dunha das vilas máis poboadas. Os seus 20.661 habitantes agrúpanse en 51 parroquias, concentrándose o 50% dos habitantes no seu núcleo urbano.

O alumnado propio do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez provén das seguintes parroquias do Concello: Lagartóns, Cereixo, Vinseiro, Moreira, Aguíóns, Paradela, Riveira, Somoza, Ouzande, Guimarei, Toedo, Matalobos e Santeles. Ademais estes últimos anos aumentou a matrícula de alumnos do pobo, pola cantidade de xente nova que se veu vivir aos novos edificios próximos ao colexio de Figueiroa, polo que temos unha mestura de alumnado do rural e do pobo. Temos familias compostas por varias xeracións que conviven no rural no mesmo domicilio: pais dos alumnos, avós, fillos e as veces xunto con outros membros consanguíneos ou afíns da familia. Todos eles, en moitos casos colaboran nas tarefas diaria do mantemento das explotacións agropecuarias, aínda que cada vez mais, algún membro da familia compatibiliza esta axuda cun traballo fóra do sector primario. Hai tamén outro tipo e alumnado que vive no pobo e que os

pais traballan no sector servizos, na industria do moble, ou van traballar a Santiago e teñen A Estrada como residencia.

A Estrada conta con decenas de empresas que fabrican e venden mobles de todos os estilos, sendo esta a principal industria do municipio.

Aínda que conta cunha puxante industria do sector da madeira e o moble, A Estrada é unha vila esencialmente de servizos coas necesidades habituais destas vilas. Está situada preto de Santiago de Compostela, capital administrativa de Galicia e distrito universitario.

Dentro do sector dos servizos, destacan especialmente o comercio, que atrae compradores de toda a comarca, e a hostalaría e o turismo rural, que se está a consolidar nos últimos anos.

O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO ven do centro adscrito que é o CEIP de Figueiroa, agás imprevistos de alumnos trasladados, cambio de domicilio dos pais, etc.

No resto das etapas, ademais do alumnado propio que continúa a cursar ciclos formativos, cóntase con alumnado procedente de outros centros de A Estrada ou outras localidades. Detéctase ademais un incremento no número de persoas adultas que están a cursar estudos no centro, tanto de ESO e Bacharelato como de FP.

Cómpre tamén sinalar que desde o ano 2014 o centro imparte Formación para o Emprego (Cursos AFD) ao o abeiro dos sucesivos acordos de colaboración asinados entre as consellerías con competencia en Educación e en Emprego.

En xeral as familias soen colaborar e amosar interese pola formación dos seus fillos e fillas. Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar e a Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA). Nalgúns casos é preciso a colaboración con outros servizos para dar resposta ás necesidades dalgunhas familias.

Pola implicación co noso centro destácanse as seguintes institucións ou entidades: Servizos Sociais do Concello de A Estrada, Centro de Axuda Social, Cáritas, entre outras.

Por outra parte, o centro dispón de servizo de transporte escolar para o alumnado do centro que cumpra os requisitos esixidos pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo e á Programación Xeral Anual do curso 22/23

O Plan Dixital formará parte do Proxecto Educativo do centro a partir do vindeiro curso e terá tamén a súa concreción na vindeira Programación Xeral Anual.

1.3. Breve xustificación do Plan Dixital

Na sociedade da información na que nos tocou vivir, as Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) modifican todos os ámbitos da vida cotiá, incluído tamén o terreo da educación.

Isto obriga aos membros da comunidade educativa a unha profunda revisión dos métodos utilizados para conseguir unha mellor adecuación entre obxectivos a lograr e a realidade que nos rodea.

Como membros da comunidade educativa, son diferentes colectivos os que teñen que xuntar esforzos para lograr os obxectivos propostos, mediante a utilización das novas ferramentas ao seu alcance (TIC), desde a Administración educativa, o alumnado, os pais ou titores e por suposto os docentes.

Existen múltiples razóns para aproveitar as posibilidades que proporcionan as TIC no ámbito educativo:

- A motivación, xa que os novos medios son máis atractivos para o alumnado o que implica unha maior motivación, que constitúe un dos motores da aprendizaxe.
- Unha maior interacción, xa que o alumnado permanece máis activo o interactuar co ordenador, entre eles e co profesor a través da rede.
- Aprendizaxe cooperativa, xa que se facilita o traballo en grupo, o intercambio de ideas e a participación.
- Supón un acceso a múltiples recursos educativos e contornos de aprendizaxe, poñendo o alcance do alumnado todo tipo de información a través dos medios dixitais e internet.
- Atención á diversidade. Pódense personalizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ó existir múltiples materiais e recursos educativos que permiten chegar a cada alumno os máis axeitados o seu plan de aprendizaxe e as súas circunstancias persoais.

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar o Plan Dixital formouse un equipo con persoas que proceden do equipo directivo ou do Departamento de Informática:

- Álvarez Flórez, Julio Jorge (Secretario)
- Andújar Mato, Marcos (Profesor Dpto. Informática)
- Belay Fernández, Pablo (Profesor Dpto. Informática)
- Camba Sanmartín, Francisco Xabier (Vicedirector)
- Feijoo Costa, Ricardo (Profesor Dpto. Informática)
- García Rañales, Jesús Antonio (Coordinador E-DixGal)
- Gómez Folgar, Fernando (Profesor Dpto. Informática)
- Porto Díaz, Iago (Coordinador TIC)
- Puente Rey, José Manuel (Director)
- Puga Fernández, Cristina (Xefa Dpto. Informática)

O Plan Dixital elaborouse seguindo as instrucións do equipo de asesores, que consistiu, en primeiro lugar, en realizar un análise do estado do centro mediante enquisas SELFIE e Test CDD. En paralelo, internamente, o equipo levou a cabo unha tormenta de ideas para a dixitalización do centro. En segundo lugar, realizouse unha análise DAFO a partir dos resultados obtidos en SELFIE e CDD. A continuación, deseñáronse e planificáronse unha serie de accións para levar a cabo o vindeiro curso, a partir dos resultados obtidos no DAFO. Por último, redactouse este documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro

O centro conta con conexión a internet cableada en todos os espazos, así como conexión inalámbrica WiFi en todos os espazos agás no edificio dos ciclos de *Transporte e mantemento de vehículos*.

Equipamento dispoñible e identificación dos usos

Todas as aulas están dotadas con encerado dixital ou proxector, acompañadas dun ordenador para o profesor. A aula de informática do centro, compartida por varios niveis educativos en función das necesidades, consta de 24 postos para o alumnado e un ordenador para o profesor, ademais de proxector.

Cada membro do equipo directivo ten un ordenador. Cada membro do equipo de administración ten un ordenador. En cada departamento hai, como mínimo, un ordenador. A sala de profesores ten catro ordenadores. A biblioteca ten catro ordenadores de consulta e dous de xestión, ademais dunha impresora.

As aulas da ESO están equipadas con equipamento E-DixGal, excepto a aula de 4º ESO B, que está pendente de equipar proxector e pizarra dixital interactiva. Os armarios de carga tamén faltan nas aulas de 3º e 4º de ESO, A e B.

Os ciclos formativos da familia profesional de *Transporte e mantemento de vehículos* dispoñen unha aula con sete equipos para o alumnado.

Os ciclos formativos da familia profesional de *Madeira, moble e cortiza* utilizan unha aula que consta de trece equipos para o alumnado, ademais dun equipo para o profesor, un proxector e unha impresora A3 a color. Utilizan tamén outra aula que ten cinco equipos para o alumnado, ademais do equipo para o profesor. Por último, comparten unha aula cos ciclos da familia profesional de *Informática e comunicacións*, que consta de doce equipos, máis un equipo para o profesor, proxector e impresora.

Os ciclos formativos da familia profesional de *Administración e xestión* dispoñen de dúas aulas, unha con 24 equipos para o alumnado e un PC para o profesor, así como proxector; e outra con 21 equipos máis o do profesor e o proxector. Comparten dúas aulas máis co departamento de Informática, unha con catorce equipos, máis un do profesor, impresora e proxector; e outra con seis equipos, equipo do profesor e proxector.

Os ciclos formativos da familia profesional de *Informática e comunicacións* dispoñen dunha aula con 26 equipos, máis un equipo para o profesor, impresora, proxector, e zona de taller. Outra aula con vinte equipos, máis un equipo para o profesor, impresora e proxector. Conta tamén con outras tres aulas. Unha, compartida co departamento de *Madeira*, con doce equipos, equipo

para o profesor, proxector e impresora. Outra, compartida co departamento de *Administrativo*, con catorce equipos, máis o do profesor, impresora e proxector. E unha última, compartida tamén co departamento de *Administrativo*, con seis equipos, un para o profesor, proxector e zona de taller.

Servizos dixitais educativos

O centro conta cunha páxina web, así como cunha aula virtual co software Moodle e outra baixo o programa E-DixGal.

Xestión do mantemento do equipamento do centro

O mantemento do equipo do centro lévao a cabo o Coordinador TIC. Dispónse dunha aplicación interna de xestión de incidencias.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	-	3,7	3,2	2,6	-
	Profesorado	-	3,6	3,3	3	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	-	3,2	2,8	2,2	-
	Profesorado	-	2,9	2,8	3,1	-
	Alumnado	-	3,3	2,7	3,4	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	-	4,3	4,2	3,5	-
	Profesorado	-	4,2	4,2	3,8	-
	Alumnado	-	4,3	3,1	3,7	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	-	3,8	2,8	3	-
	Profesorado	-	3,6	3,3	3,5	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	-	4,3	4	4,3	-
	Profesorado	-	4,5	4,3	4,3	-
	Alumnado	-	4,2	4	4,2	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	-	3,6	2,8	3,6	-
	Profesorado	-	3,7	3,2	3,8	-
	Alumnado	-	3,5	3,1	3,7	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	-	3,5	2,3	3,5	-
	Profesorado	-	3,3	2,7	3,8	-
	Alumnado	-	3,3	2,4	3,6	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	-	3,6	3,2	3,2	-
	Profesorado	-	3,4	3,1	3,6	-
	Alumnado	-	3,8	2,9	3,7	-

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	25	41	61
PROVISIONAL	15	16	93,8
INTERINO	17	19	89,5
SUBSTITUTO	2	5	40
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81.9	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	81.2	Integrador/a (B1)	80.3	Integrador/a (B1)
BAC	79.4	Integrador/a (B1)	77.9	Integrador/a (B1)
F.P	80	Integrador/a (B1)	80.3	Integrador/a (B1)
ESO Adult.	60.8	Explorador/a (A2)	75.9	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	4	6,8
A2	19	32,2
B1	17	28,8
B2	11	18,6
C1	7	11,9
C2	1	1,7
TOTAL	59	100.00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1. Infraestructura C2. Dispositivos dixitais para o ensino C3. Acceso a internet C5. Asistencia técnica C7. Protección de datos C8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe	C14. Espazos físicos (O centro ten todos os espazos ocupados en case todas as horas)
	PERSOAL DOCENTE	A3. Novas modalidades de ensino D2. Participación no DPC E1. Recursos educativos en liña E2. Creación de recursos dixitais E3. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe (Unha porcentaxe moi importante do claustro está a traballar dun xeito ou outro en contornas dixitais de aprendizaxe) E4. Comunicación coa comunidade educativa F1. Adaptación ás necesidades do alumnado F3. Fomento da creatividade F4. Inclusión do alumnado F5. Colaboración do alumnado G1. Avaliación das capacidades (2.5 en Bacharelato) G3. Retroalimentación axeitada G5. Autorreflexión sobre o aprendizaxe (2.4 en Bacharelato)	B1. Avaliación do progreso B2. Debate sobre o uso da tecnoloxía B3. Colaboracións D1. Necesidades de DPC D3. Intercambio de experiencias F6. Proxectos interdisciplinares
	PERSOAL NON DOCENTE	E1. Recursos educativos en liña E2. Creación de recursos dixitais F4. Inclusión do alumnado F5. Colaboración do alumnado	D3. Intercambio de experiencias
	ALUMNADO	C8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe H4. Verificar a calidade da información H7. Creación de contidos dixitais H8. Aprender a comunicarse	H1. Comportamento seguro H3. Comportamento responsable H6. Otorgar recoñecemento ao traballo dos demais
	FAMILIAS		
	OFERTA	A3. Novas modalidades de ensino (O centro ten unha oferta educativa variada, con ensino de adultos, ciclos formativos de varias familias e incluso unha sección da Escola Oficial de Idiomas)	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3. Novas modalidades de ensino C5. Asistencia técnica	A1. Estratexia dixital A2. Desenvolvemento da estratexia co profesorado A6. Participación das empresas na estratexia B1. Avaliación do progreso

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C1. Infraestructura C2. Dispositivos dixitais para o ensino C3. Acceso a internet C5. Asistencia técnica	
	LEXISLACIÓN	C7. Protección de datos	
	CONTORNA		C1. Infraestructura (As infraestruturas do rural (non chega a fibra a todos os fogares) poden chegar a xerar limitacións no acceso ao ensino dixital dos rapaces)
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	C1. Infraestructura	A6. Participacións das empresas na estratexia B3. Colaboracións C17. Base de datos de provedores de formación

3. Plan de Acción

O Plan de Acción procura ter en conta os recursos materiais e humanos no momento da elaboración do Plan Dixital. Os obxectivos elixidos tratan de supoñer unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que están en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO establecéronse áreas prioritarias e analizáronse as debilidades e ameazas do DAFO. A partir da conxunción destes factores establecéronse os obxectivos que se detallan nas táboas do Plan de Acción. Estes obxectivos están contextualizados dentro das áreas de mellora do marco *DigComOrg*.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Aumentar o ancho de banda da conexión a internet do centro
Neste centro hai unha gran cantidade de equipos, como se detallou na sección 2.1. En momentos puntuais a conexión a internet actual non é suficiente. A velocidade actual, segundo arroxa o velocímetro da Xunta de Galicia, é de 579/52 Mbps.
- Renovar o equipamento informático da biblioteca, sala de profesores, salón de actos e de varias aulas
O equipamento informático destes espacios está obsoleto. É necesario renovalo. En particular, no salón de actos cómpre renovar o equipamento informático, así coma o equipamento de son e de vídeo. Na biblioteca, tanto o equipamento de xestión (dous equipos) coma o de consulta (cinco equipos). Nas aulas, por un lado, dez equipos en dúas aulas, cinco en cada unha, que usa o alumnado. Por outro lado, é necesario renovar o equipo do profesor/a na aula de música.
- Puntos de recarga para o equipamento E-DixGal das aulas de 3º e 4º ESO, A e B.
- Proxector e pizarra dixital interactiva E-DixGal para a aula de 4º ESO B.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": B - Colaboración e redes, E – Pedagogía: apoios e recursos, H - Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 1:	Desenvolver procedementos para a administración da aula virtual (B2, B4; E1, E2, E3, E4; H7, H8)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Procedementos administrativos					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	8			21-12-2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Procedemento de alta de novo profesorado no inicio de curso	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Procedemento de alta e actualización do alumnado no inicio de curso	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Procedemento de baixa de alumnos e profesores que abandonan o centro a final de curso	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Procedemento de eliminación de alumnos	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	

matriculados dos cursos					Pendente	
AO1.5: Procedemento de solicitude de creación de cursos privados	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Procedemento de alta dun novo alumno ou profesor no medio do curso	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7: Procedemento para solucionar o borrado accidental de contidos ou cursos	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.8: Procedemento de baixa de alumnos ou profesores que abandonan o centro no medio do curso	Coordinador TIC	21-12-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": B - Colaboración e redes, E – Pedagogía: apoios e recursos, H - Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 2:	Desenvolver procedementos para o uso da aula virtual (B2, B4; E1, E2, E3, E4; H7, H8)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Procedementos administrativos					
Valor de partida	1					
Valor previsto e data	3			30-06-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Procedemento de matriculación de alumnos nos cursos	Coordinador TIC	30-06-2023	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Procedemento de solicitude de creación dun novo curso	Coordinador TIC	30-06-2023	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Procedemento de notificación de incidencias	Coordinador TIC	30-06-2023	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipamento							
OBXECTIVO 3:	Dotar ao centro educativo dunhas aplicacións internas para axilización e mellora no traballo cotiá do persoal docente e non docente (C1, C2, C3, C7, C8)					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador APPs					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Aplicacións activas						
Valor de partida	2						
Valor previsto e data	10				30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1: Estudar localización servidor de aplicacións para visibilidade e posibilidade de acceso dende a Intranet do centro	Docente Informática	21-12-2021	Mapeo infraestrutura técnica do centro. Mapeo conectividade intranet do centro.		Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Estudar tecnoloxía do servidor: containers ou máquinas virtuais	Docente Informática	21-12-2021	Docker, vmware ESXi		Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Estudo escalabilidade hardware e software	Docente Informática	21-12-2021	Hardware Software privativo ou libre		Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada	X	

AO3.4: Creación/configuración infraestructura máquina virtual servidor de aplicaciones	Docente Informática	21-12-2021	Vmware ESXi		Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Montaxe servidor de aplicacións LAMP Debian GNU/Linux	Docente Informática	21-12-2021	GNU/Linux Apache MySQL PHP		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.6: Hardening servidor de aplicacións	Docente Informática	21-12-2021	WAF Control de acceso autenticado según rol Backup local e remoto		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.7: Dashboard (Panel de control)	Docente Informática	21-12-2021	LAMP → Control de acceso e GUI según rol		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.8: Aplicación usuarios	Docente Informática	30-03-2022	LAMP Listados XADE		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.9: Aplicación Reservas de espacios	Docente Informática	30-03-2022	LAMP Listados XADE		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.10: Aplicación horarios	Docente Informática	30-06-2022	LAMP Listados XADE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X

AO3.11: Aplicación Conserxería	Docente Informática	30-06-2023	LAMP Listados XADE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO3.12: Aplicación Incidencias	Docente Informática	30-06-2023	LAMP Listados XADE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.13: Aplicación FCT	Docente Informática	30-06-2023	LAMP Listados XADE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.14: Aplicación Documentación	Docente Informática	30-06-2023	LAMP Documentación centro educativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.15: Aplicación Bolsa de Empleo	Docente Informática	30-06-2023	LAMP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.16: Aplicación Pedidos	Docente Informática	30-06-2023	LAMP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.17: Outras aplicacións	Docente Informática	30-06-2023	LAMP Outras...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.18: Mantemento servidor e aplicacións	Docente Informática	30-06-2023			Realizada	-
					Aprazada	-
					Pendente	-
AO3.19: Configurar acceso DNS local nos equipos do centro	Docente Informática	30-06-2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipamento						
OBXECTIVO 4:	Equipar as aulas do centro con Google Chromecast para compartir contidos facilmente desde o móbil ou unha tableta (C1, C2)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	As aulas están equipadas co Google Chromecast					
Valor de partida	Ningunha aula equipada					
Valor previsto e data	Todas as aulas que se considere apropiado están equipadas			30-06-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Estudar que aulas se deben equipar con Google Chromecast	Coordinador TIC	21-12-2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Establecer un protocolo de utilización	Coordinador TIC	21-12-2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Mercar os equipos Google Chromecast necesarios	Coordinador TIC	30-06-2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Instalar os equipos Google Chromecast	Coordinador TIC	30-06-2023	Equipamento Google Chromecast		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": C - Infraestrutura e equipos						
OBXECTIVO 5:	Actualizar as maquetas Abalar Libre instaladas no centro á última versión (C1, C2, C5, C8)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Maquetas actualizadas					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	10			30-06-2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Actualizar as maquetas	Coordinador TIC	30-06-2022	USB co instalador da Maqueta Abalar Libre		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": A - Liderazgo, B - Colaboración e redes, E - Pedagogía: apoios e recursos						
OBXECTIVO 6:	Completar o procedemento de acollida para novo profesorado con aspectos dixitais (A1, A2; B2, B3; E1, E2, E4)				Acadado	
RESPONSABLE:	Vicedirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Procedemento de acollida completo					
Valor de partida	Procedemento de acollida que non entra en detalle nos aspectos dixitais					
Valor previsto e data	Procedemento de acollida completo				30-06-2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Engadir unha sección que describa o funcionamento do servidor de APPs do centro	Coordinación APPs	30-06-2023	Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Engadir unha sección que describa o funcionamento de E-Dixgal	Coordinación E-Dixgal	30-06-2023	Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Engadir unha sección que describa o funcionamento da Aula Virtual	Coordinación TIC	30-06-2023	Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.4: Engadir unha sección que describa o funcionamento da aplicación da biblioteca	Coordinación Biblioteca	30-06-2023	Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO6.5: Engadir unha sección que describa o funcionamento da equipación informática	Coordinación TIC	30-06-2023	Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": B - Colaboración e redes						
OBXECTIVO 7:	Procedemento de creación de aulas virtuais para a xestión dos departamentos (B2, B3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de departamento de Informática				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Departamentos con aula virtual no Moodle do centro					
Valor de partida	0%					
Valor previsto e data	50%			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Creación da estrutura básica da aula virtual departamental	Dpto. Informática	30-09-2022	Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Elaboración do procedemento de creación de aulas virtuais para a xestión dos departamentos	Xefatura de estudos Dpto. Informática	30-09-2022	Moodle Suite ofimática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3: Creación da aula virtual e subida de material para cada departamento	Xefatura de cada departamento	30-06-2023	Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": D - Desenvolvemento Profesional Continuo						
OBXECTIVO 8:	Continuar coa liña de formación do Plan Dixital (D1, D2, D3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Executar o deseñado no Plan Dixital					
Valor de partida	10%					
Valor previsto e data	100%			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Informar a todo o profesorado, especialmente o de nova incorporación, da existencia e características do PFPP - Plan Dixital	Dirección Coordinador TIC	30-10-2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Desenvolvemento da liña de formación	Coordinador PFPP Coordinador TIC	30-05-2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Certificación da actividade	Persoa asesora do CFR	30-06-2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": D - Desenvolvemento Profesional Continuo						
OBXECTIVO 9:	Continuar coa liña de formación E-DixGal (D1, D2, D3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O centro conta cun grupo de traballo/seminario dentro da liña de traballo E-Dixgal do PFPP do centro					
Valor de partida	0%					
Valor previsto e data	80% do profesorado inscrito no GT/SEMINARIO certifica a actividade.			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1: Informar a todo o profesorado, especialmente o de nova incorporación, da existencia e características do PFPP - liña E-Dixgal	Dirección Coordinador E-Dixgal	30-09-2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Deseño e creación dun GT/SEMINARIO na liña E-Dixgal	Coordinador PFPP Coordinador E-Dixgal	30-10-2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: Desenvolvemento do GT/Seminario	Coordinador E-Dixgal	30-05-2023	Aula E-Dixgal Ordenadores persoais para os participantes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.4: Certificación da actividade	Persoa asesora do CFR	30-06-2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual, realizarase unha valoración unha vez por trimestre. Valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final, realizarase unha valoración unha vez ao ano. Valorarase o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A nivel interno, o profesorado estará informado dos progresos do Plan Dixital tanto nos claustros como por correo electrónico.

A nivel externo, para comunicación co resto da comunidade educativa, vaise utilizar a web do IES como principal canle de difusión do Plan Dixital.